

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 20.02.2026 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de febreiro de 2026, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte:

Punto único.- Proposicións non de lei

1. 25910 (12/PNC-002393)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para un melloramento das infraestruturas viarias da súa titularidade no concello de Cangas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 203f1, do 28.05.2025
2. 27531 (12/PNC-002602)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis
Sobre a demanda ao Goberno galego da execución con carácter prioritario dunha rotonda na estrada PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, en Tomiño, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 214f1, do 25.06.2025
3. 39470 (12/PNC-003472)
Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
Bouza Manso, Aitor e 3 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 295f1, do 03.12.2025
4. 45685 (12/PNC-003658)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo
Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha canto á política de prevención dos accidentes de tráfico
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 320f1, do 23.01.2026
5. 49435 (12/PNC-003836)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Pérez, Moisés e 8 máis
Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de



España en relación coa xestión do futuro parque de vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 332f2, do 11.02.2026

6. 49671 (12/PNC-003860)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Trenor López, Gonzalo e 8 máis
Sobre as medidas de apoio que a Xunta de Galicia debe establecer para os concellos ante as novas obrigas estatais en materia de xestión de residuos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 332f2, do 11.02.2026

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2026

Carmen María Pomar Tojo

Presidenta da Comisión



Asinado dixitalmente por:

Carmen Pomar Tojo na data 13/02/2026 14:16:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/02/2026 14:24:01
Nº Rexistro: 12666
Data envío: 13/02/2026 14:24:01.969

CSV: REXPG-9G67PUWTr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/02/2026 14:24:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/02/2026 14:24:01
Nº Rexistro: 12666
Data envío: 13/02/2026 14:24:01.969

CSV: REXPG-9G67PUWTr-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Carmen María Pomar Tojo

P

Vicepresidente

José Luis Ferro Iglesias

P

Secretario

Paulo Ríos Santomé

BNG

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Aitor Bouza Manso

S

María Nazaret Cendán Gayoso

P

Alexandra Fernández Gómez

BNG

María Dolores Hermelo Piñeiro

P

Carlos López Font

S

Argimiro Marnotes Fernández

P

Armando Ojea Bouzo

M

Roberto Rodríguez Martínez

P

Moisés Rodríguez Pérez

P

Gonzalo Trenor López

P

Montserrat Valcárcel Armesto

BNG

Katherinie Varela Fernández

P

Sonia Vidal Lamas

BNG

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1. **Proposicións non de lei**

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 25910(12/PNC-002393)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a demanda ao Goberno galego de actuacións para un
melloramento das infraestruturas viarias da súa titularidade
no concello de Cangas

Publicación da iniciativa, 203f1, 28.05.2025



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 11:56:43
Nº Rexistro: 25910
Data envío: 20/05/2025 11:56:43.047

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Paulo Ríos Santomé** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas a tomar para a mellora das infraestruturas viarias titularidade da Xunta de Galiza no Concello de Cangas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, a Axencia Galega de Infraestruturas, anunciou a reposición do firme nas tres rotondas da PO-551. Sendo evidente a necesidade de mellora do firme nestes tramos da PO-551, non deixan de ser parches que non solucionan a situación desastrosa de toda a estrada de titularidade autonómica ao seu paso polo concello de Cangas.

A propia Xunta reconece a urxencia de melloras nas estradas de titularidade autonómica cando publica as actuacións preferentes en toda a provincia de Pontevedra e, seguindo o criterio de puntuación da AXI, tan só un tramo en Vilagarcía supera as estradas de Cangas no índice de prioridade.

Aínda así, ningunha das actuacións que a AXI considera prioritarias se leva adiante, nomeadamente as previstas nos tramos A Madalena-Ximeu, Rozabales, O Cunchido ou San Cibrán-Vilariño. A continuada discriminación e retraso nas melloras das vías de titularidade autonómica é xa insostible, cando se ve que as obras rematan sempre no límite no termo municipal de Cangas.

É por isto que é fundamental que a Xunta de Galiza deixe de marxinar ao Concello de Cangas no que ten que ver cos investimentos en infraestruturas de todo tipo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 11:56:43
Nº Rexistro: 25910
Data envío: 20/05/2025 11:56:43.047

e leve a cabo actuacións urxentes e integrais para mellorar a seguridade viaria tanto de peóns como do tráfico rodado, soportando moitos destas vías unha considerable cantidade de tráfico diario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno Galego a levar a cabo as actuacións necesarias para mellorar, de xeito integral, as infraestruturas viarias de titularidade autonómica no Concello de Cangas, con especial atención ás xa priorizadas pola Axencia Galega de Infraestruturas.”

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2025

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 20/05/2025 11:50:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/05/2025 11:56:43
Nº Rexistro: 25910
Data envío: 20/05/2025 11:56:43.047

Luis Bará Torres na data 20/05/2025 11:56:08



CSV REXPC-ySP5XpOT-5

Validación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 27531(12/PNC-002602)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da execución con carácter prioritario dunha rotonda na estrada PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, en Tomiño, co obxectivo de mellorar a seguridade viaria

Publicación da iniciativa, 214f1, 25.06.2025



**Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

Asinado o día 17/06/25
13:24
Por Carlos López For

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Neste contexto, é imprescindible prestar atención ás necesidades viarias e peonís do concello de Tomiño, particularmente naqueles lugares onde a falta de infraestruturas adecuadas supón un risco para a seguridade das persoas.

Un exemplo destacado é San Salvador de Tebra, onde a estrada PO-344, dende a subida á igrexa ata o cruce da entrada a Santa María, presenta unha zona con múltiples establecementos, entre eles unha farmacia, varios comercios, un restaurante e tres paradas de autobús escolar e interurbano a cada lado. Porén, a entrada a Santa María representa un perigo viario significativo, un problema que se tiña previsto solucionar mediante a construción dunha rotonda que, ata o de agora, non se levou a cabo. O principal argumentario para reclamar esta infraestrutura baséase na necesidade de garantir a seguridade viaria, dada a alta concentración de servizos, tránsito e persoas nesta contorna.

Asinado o día 17/06/2025 ás
13:24
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 17/06/2025 ás
13:24
Por Elena Espinosa Mangana

CSV: REVPG-KZ6IAXS-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405**

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que retome e execute con carácter prioritario o proxecto de construción dunha rotonda na entrada a Santa María de Tebra, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria da zona, así como a mobilidade peonil e o acceso seguro aos servizos existentes.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño do 2025

CSV REXPG-KZKG/AS-2
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 981.55.15.30

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/06/2025 13:24:40

Paloma Castro Rey na data 17/06/2025 13:24:50

Carlos López Font na data 17/06/2025 13:24:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 13:25:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

CSV REXPG-KZKG/AXS-2
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 13:30:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

CSV REXPG-KZKG/AS-2
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 39470(12/PNC-003472)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 3 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que inclúa nos orzamentos de 2026 unha partida específica para financiar unha nova EDAR en Dodriño, no concello de Dodro

Publicación da iniciativa, 295f1, 03.12.2025



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 10:01:59
Nº Rexistro: 39470
Data envío: 27/11/2025 10:01:59.264

Asinado o día 27/11/2025 ás 09:52
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, **Aitor Bouza Manso**, **Carlos López Font**, **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.ª**, **Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A parroquia de Dodriño, no concello de Dodro, precisa desde hai anos dunha solución definitiva ás súas necesidades de depuración, xa que o sistema actual presenta limitacións evidentes propias de infraestruturas que quedaron obsoletas ou insuficientes para garantir unha correcta xestión das augas residuais. Esta situación ten impacto tanto na calidade da depuración como na protección do contorno natural, especialmente en áreas ambientalmente sensibles.

Cómpre lembrar que existen proxectos técnicos elaborados polo propio goberno galego desde hai tempo que contemplan alternativas viables para modernizar ou substituír estas instalacións en Dodriño, mais a súa execución continúa pendente.

Porén, a pesar das conversas mantidas ao longo dos últimos anos entre diferentes administracións e da existencia de compromisos públicos sobre a necesidade de avanzar nesta infraestrutura, a realidade é que no caso de Dodriño non se produciu ningún avance efectivo nin existe, a día de hoxe, unha previsión clara para a súa execución. A situación permanece estancada a pesar da evidencia das necesidades da parroquia.

Asinado o día 27/11/2025 ás 09:52
Por Carlos López Font

Asinado o día 27/11/2025 ás 09:52
Por Aitor Bouza Manso

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSM-REVPG-RN9sp-7N1-6
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 10:01:59
Nº Rexistro: 39470
Data envío: 27/11/2025 10:01:59.264

É imprescindible que o Goberno galego asuma a súa responsabilidade e dea unha resposta inmediata a unha actuación prioritaria para garantir unha depuración axeitada, a protección ambiental e a saúde pública, asegurando un nivel de servizo digno para os veciños e veciñas de Dodriño.

En liña co exposto, resulta fundamental que a Xunta de Galicia incorpore unha partida específica nos Orzamentos do vindeiro ano que permita iniciar esta actuación e desbloquear unha infraestrutura pendente desde hai tempo, evitando que continúe supeditada a decisións políticas ou á falta de planificación por parte do Goberno galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír nos Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica destinada ao financiamento da nova EDAR de Dodriño, garantindo así a planificación e execución efectiva desta actuación prioritaria no concello de Dodro.

Santiago de Compostela, a 27 de novembro de 2025

CSV REXPO-RH9ep7N1-6
Validado
<https://secre.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 27/11/2025 9:52:02

Carlos López Font na data 27/11/2025 9:52:08

Patricia Iglesias Rey na data 27/11/2025 9:52:16

Elena Espinosa Mangana na data 27/11/2025 9:52:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 27/11/2025 9:52:30



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 10:01:59
Nº Rexistro: 39470
Data envío: 27/11/2025 10:01:59.264

CSV REXPG-RH9ep7N1-6
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/11/2025 10:01:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2025 10:01:59
Nº Rexistro: 39470
Data envío: 27/11/2025 10:01:59.264



CSV REXPG-RN8ep7N1-6
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 45685(12/PNC-003658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha
canto á política de prevención dos accidentes de tráfico

Publicación da iniciativa, 320f1, 23.01.2026



GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os datos de vítimas mortais de accidentes de tráfico nos últimos anos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos provisionais de vítimas mortais de accidentes de tráfico nas 24 h posteriores ao sinistro correspondentes a vías interurbanas no ano 2025 son moi preocupantes porque é a cifra máis alta dos últimos 7 anos, tal como se recolle no seguinte gráfico

	2019	2020	2021	2022	2023	2024	2025
A Coruña	39	25	34	43	26	38	39
Lugo	17	12	10	17	16	16	26
Ourense	8	9	8	12	22	14	11
Pontevedra	24	24	25	18	24	22	20
Galicia	88	70	77	90	88	90	96

En realidade, estas cifras non reflicten a mortalidade real nas estradas, xa que só computan as vítimas en estradas interurbanas e non inclúen as mortes en vías urbanas. E, como sinalamos, só computan as mortes nas 24 h posteriores ao accidente.

Segundo datos do IMELGA, as vítimas mortais por accidentes de tráfico foron 112 en 2023 (88 na estatística da DGT de mortes durante as 24 h e en vías interurbanas),

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:48
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 15/01/2026 ás
13:48
Por Luis Bará Torres

CSV: DEVPG-mARK037-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

123 en 2022 (frente ás 90 da estatística da DGT), 113 en 2021 (frente ás 77 da estatística da DGT) e 131 en 2019 (frente ás 88 da DGT).

Nunha análise máis polo miúdo deberían estudarse os datos por tipos de estradas e por tipo de persoas usuarias das vías, con especial atención ás máis vulnerábeis (peóns, motociclistas e ciclistas). Así como outras circunstancias relacionadas coa concentración de accidentes, a intensidade do tráfico nas vías, o uso das vías relacionados con cambios laborais e no sector do transporte, a relación entre sinistralidade e idade, a incidencia de novas formas de mobilidade, ou a incidencia de prácticas de risco como o exceso de velocidade, a condución sen cinto, o uso do móbil, ou o consumo de alcol e drogas.

O peor que podemos facer diante desta dramática realidade é normalizala, facer que pase desapercibida, actuar como se fose algo natural e inevitábel.

No pasado ano 2025 rematou a vixencia do Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2022-2025, polo que é necesario facer unha avaliación xeral e un informe sobre os obxectivos fixados (xerais e parciais), nomeadamente o denominado obxectivo 25-25-25.

-Redución do 25% do número de persoas falecidas e feridas graves nas vías interurbanas no período 2022-2025 a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves vulnerábeis no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

-Redución do 25% de persoas falecidas e feridas graves nun 25% nas travesías no período 2022-2025, a respecto dos datos de 2019.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:





BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

“O Parlamento insta a Xunta a

1. Presentar no prazo de tres meses un informe de avaliación sobre o grao de cumprimento dos obxectivos do Plan de Seguridade 2022-2025.

2. Desenvolver un Plan de Choque que teña como obxectivo reducir a sinistralidade e as vítimas de accidentes de tráfico que inclúa entre outras medidas:

-A coordinación efectiva e continuada -mediante un grupo de traballo específico das administracións e dos departamentos con competencias na materia e un plan e acción conxunta para reducir a sinistralidade viaria.

-A creación dun órgano de participación social en materia de seguridade viaria.

-Unha auditoría de seguridade viaria das estradas e itinerarios con maior sinistralidade.

-Medidas de protección de persoas usuarias máis vulnerábeis.

-Medidas de vixilancia, control e corrección das condutas de risco.

-Medidas en relación coas novas formas de mobilidade.

-Actuacións en relación coa mobilidade e o risco no ámbito laboral e do transporte.

-Medidas de formación, información e sensibilización sobre a violencia viaria e as súas consecuencias, para evitar a súa naturalización e normalización.

-Introdución do concepto de “violencia viaria” no discurso e na planificación en materia de seguridade viaria.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

3. Apoiar a demanda de transferencia a Galiza das competencias en materia de tráfico e seguridade viaria..”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV REXPO-anARK037-9

Verificar

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 15/01/2026 13:48:44

Paulo Ríos Santomé na data 15/01/2026 13:48:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

CSV REXPO-anARK037-9
Validar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 15/01/2026 13:50:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/01/2026 13:50:47
Nº Rexistro: 45685
Data envío: 15/01/2026 13:50:47.085

CSV REXPO-anARK037-9
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 49435(12/PNC-003836)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao
Goberno de España en relación coa xestión do futuro parque de
vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47

Publicación da iniciativa, 332f2, 11.02.2026

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Moisés Rodríguez Pérez, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno de España en relación coa xestión do futuro parque de vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47

Exposición de Motivos

Todo o que rodea ao proceso de creación e funcionamento da entidade estatal de vivenda e solo -Casa 47-, do Goberno de España, non só se está a facer de costas ás comunidades autónomas senón que, incluso, con opacidade e falta de transparencia.

Agora o Ministerio de Vivenda anuncia a licitación neste primeiro trimestre de 2026 “da construción, en colaboración público-privada de 2.800 novas vivendas en réxime de alugueiro,” para o que, segundo a ministra, “empregarase solo urbano estatal”.

Ademais, entre os requisitos que se pedirán ás persoas que accedan ás vivendas en alugueiro administradas pola empresa privada que xestione Casa 47, requirirase ter rendas de ata o 7,5 do Ipem (ata 4.500 euros mensuais), o que anticipa que non serán vivendas accesibles como vimos sospeitando.

E todo isto nun contexto especialmente desfavorable para promover políticas de vivenda pública xa que logo o Goberno que preside Pedro Sánchez, pese a recoñecer que a vivenda constitúe unha demanda social prioritaria, aínda non aprobou o novo plan estatal de vivenda a pesar de que o anterior caducou en 2025.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que facilite información detallada, completa e actualizada relativa á xestión do futuro parque de vivendas en alugueiro da empresa estatal Casa 47, incluído os seguintes extremos:

Asinado o día 04/02/2026 ás
14:06
Por Alberto Pazos Couñago





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49435
Data envío: 04/02/2026 14:07:32.606

- 1.- O número de total de vivendas xestionadas pola devandita empresa pública en Galicia, incluída a súa localización territorial e dirección, así como o emprazamento dos solos que se ofertarán neste programa.
- 2.- Os criterios de adxudicación e xestión aplicados tanto respecto dos solos ofertados como das futuras vivendas, con especial atención aos requisitos económicos que deben cumprir os solicitantes que, en todo caso, deberán garantir que as vivendas ofertadas sexan a prezos e condicións accesibles.
- 3.- Que garanta que a futura cualificación das vivendas construídas nos solos ofertados de titularidade pública teñan a cualificación permanente como vivendas protexidas."

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2026



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 04/02/2026 14:06:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49435
Data envío: 04/02/2026 14:07:32.606

CSV REXPO-ZE-MLE9-0
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/02/2026 14:07:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/02/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 49435
Data envío: 04/02/2026 14:07:32.606

CSV REXISTRO XERAL ENTRADA
Verificación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 20.02.2026

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 49671(12/PNC-003860)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as medidas de apoio que a Xunta de Galicia debe establecer para os concellos ante as novas obrigas estatais en materia de xestión de residuos

Publicación da iniciativa, 332f2, 11.02.2026

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Nazareth Cendán Gayoso, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez Moisés Rodríguez Pérez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios** sobre medidas de apoio aos concellos fronte ás novas obrigas estatais en materia de xestión de residuos

Exposición de Motivos

A transición cara a unha economía circular constitúe un dos principais retos ambientais, sociais e económicos da actualidade, así como unha prioridade estratéxica no marco das políticas europeas, estatais e autonómicas. Galicia, como territorio cunha ampla dispersión poboacional e unha elevada diversidade de realidades municipais, afronta este desafío cunha especial complexidade, que require da cooperación leal entre administracións e dun decidido apoio aos concellos, que son a administración máis próxima á cidadanía e a responsable directa da xestión dos residuos urbanos.

A recente normativa estatal en materia de residuos e solos contaminados impón novas obrigas para as entidades locais, como a implantación da recollida separada de biorresiduos e residuos téxtiles, a incorporación de sistemas de dixitalización e o establecemento de mecanismos de pago por xeración. Estas medidas son fundamentais para avanzar na prevención de residuos, incrementar as taxas de reciclaxe e reducir a dependencia do vertedoiro, mais representan un importante esforzo económico, técnico e organizativo para os concellos, especialmente para aqueles de menor tamaño ou con recursos limitados.

Moitos concellos galegos, en particular os pequenos e medianos, carecen de capacidade financeira suficiente e de persoal técnico especializado para deseñar, implantar e avaliar con garantías os novos sistemas de recollida e xestión de residuos que esixe a normativa estatal vixente. Sen un apoio decidido da Xunta de Galicia, existe o risco de que se produzan desigualdades territoriais no cumprimento da lei, con consecuencias negativas tanto para o medio ambiente como para a cohesión social e territorial do país.

Asinado o día 05/02/2026 ás
16:49
Por Alberto Pazos Couñago



Así mesmo, a experiencia demostra que o éxito das políticas de economía circular depende en boa medida da implicación activa da cidadanía. Para iso, resulta imprescindible reforzar as accións de información e sensibilización social, combinando os esforzos municipais con campañas de ámbito autonómico que permitan unha mensaxe coherente, continuada e de maior alcance, favorecendo cambios reais nos hábitos de consumo e separación de residuos.

Mentres o Goberno que preside Pedro Sánchez introduce novas obrigas aos concellos e novas imposicións como o canon do lixo que parecen castigar aos cidadáns e aos municipios, consolidando unha estratexia de imposición, o Goberno galego debe seguir desenvolvendo unha estratexia diferente impulsando un plan integral de apoio aos concellos que lles permita afrontar con garantías a transición cara a unha economía circular

Só a través dunha acción coordinada e solidaria entre administracións será posible cumprir cos obxectivos ambientais establecidos e avanzar cara a un modelo de desenvolvemento máis sostible, xusto e eficiente para Galicia.

É polo que, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, formulan a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Incrementar e priorizar as liñas de axuda destinadas á implantación da recollida separada de biorresiduos e residuos téxtiles, así como á dixitalización e pago por xeración.
2. Crear un programa de acompañamento técnico para concellos medianos e pequenos que precisen apoio especializado para cumprir coa normativa estatal en materia de residuos.
3. Impulsar campañas de sensibilización autonómicas que complementen as accións municipais para mellorar a recollida separada e a prevención de residuos.”

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2026



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 05/02/2026 16:49:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:23
Nº Rexistro: 49671
Data envío: 05/02/2026 17:07:23.405

CSV REXPC-yfrz010-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 05/02/2026 17:07:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2026 17:07:23
Nº Rexistro: 49671
Data envío: 05/02/2026 17:07:23.405

CSV REXISTRO-7frZz10-8
Verificar
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

